

## PROXECTO DE INTERVENCIÓN COMUNITARIA EN MATERIA DE ABSENTISMO ESCOLAR

Eva María González Santiago, María Jesús Viqueira Pérez e  
María Dolores Sanz Lobo

Deputación da Coruña

«O dereito á educación é un dos piares básicos dos sistemas educativo e social, tal como establece e recolle a Constitución Española de 1978 que, no seu artigo 27, encomenda aos poderes públicos que promovan as condicións e removan os obstáculos para que este dereito sexa real e efectivo, producíndose nas mellores condicións posibles...». Así comeza a publicación que ten por título *Proxecto de Intervención comunitaria en materia de absentismo escolar*, de mans de profesionais do barrio de Fontiñas de Santiago de Compostela. A súa lectura e posterior reflexión, apoiada no documento de avaliación que a acompaña, facilitan unha conclusión clara: a intervención para a mellora de determinadas realidades sociais é responsabilidade de todos, e vai máis alá do puramente profesional.

Como sinalan as autoras do documento (Eva María González Santiago, María Jesús Viqueira Pérez e María Dolores Sanz Lobo), dende hai aproximadamente 14 anos no barrio de Fontiñas comezáronse a encaixar as pezas dun puzzle que hoxe se podería considerar como exemplo de boa praxe para os profesionais da intervención social e en rede. Baixo as premisas do traballo asistencial, preventivo e comunitario, na actualidade continúanse mellorando as realidades sociais presentes e prevendo as situacións de risco que afecten á poboación. Os obxectivos, ademais de seren compartidos por todos os implicados, atópanse en sintonía coas necesidades presentes no contexto, pretendendo acadar a integración dos cidadáns dende o sentido da convivencia e respectando as diferenzas presentes nun medio marcado pola diversidade.

A realidade presente nas Fontiñas facilita e provoca a unión de esforzos dende a responsabilidade social e profesional dos Servizos Sociais, dos centros educativos e das entidades do contexto. Dende os inicios das «xuntanzas de barrio», e como ben transmiten as autoras deste documento, o traballo co colectivo infanto-xuvenil pasa a ser prioritario nas accións, prestando especial atención ao grupo de menores e adolescentes (e por extensión ás súas familias), que presentan dificultades na súa escolarización ou que se atopan en situación de risco ou de desprotección social. Os Servizos Sociais e os centros educativos, conscientes da corresponsabilidade nesta intervención e apoiados polas entidades, desenvolven o *Proxecto de intervención*



*comunitaria en materia de absentismo escolar*. Transformado nesta publicación, obsérvase que os marcos teórico e normativo, así como a análise da realidade social de Fontiñas, avalan a metodoloxía da intervención levada a cabo. Estamos a falar dun «facer» e dun «saber facer» que entenden a institución escolar dende un enfoque sistémico, o que precisa da coordinación constante entre os axentes sociais, a colaboración dentro da escola e o traballo en rede fóra dela entre os recursos e as entidades implicadas, primando que sexan os propios destinatarios os protagonistas reais no seu proceso.

Este documento, recomendado como ferramenta de traballo para profesionais do ámbito socioeducativo, consegue transmitir ao lector que os piares básicos na intervención comunitaria en materia de absentismo escolar son principalmente a responsabilidade (de todos, de todas) e o traballo en rede (a colaboración e a coordinación). Se cabe, engadiría dous máis, como coñecedora que son do traballo comunitario de Fontiñas: a sensibilidade presente polas realidades sociais (en xeral e en particular) e o constante empeño por facer dun barrio un lugar para todos en igualdade de condicións.■

Coro González Garrido

Educadora Social